



SUBVENCÍONS PARA REMATE DE FACHADAS E CUBERTAS, REHABILITACIÓN E RECONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NO ÁMBITO RURAL E DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

Manuel Taboada Vigo, Alcalde – Presidente do Concello de O Pino (A Coruña),

INFORMA que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) concede subvencións aos beneficiarios que contén coa resolución de cualificación definitiva ou coa cédula de rehabilitación de calidade solicitada ao abeiro do Decreto 44/2011, do 10 de marzo.

REQUISITOS: A vivenda deberá ser domicilio habitual do propietario ou dun inquilino no caso de estar alugada, agás os galegos residentes no exterior da Comunidade Autónoma, e que non destinen a vivenda a alugamento, deberán residir polo menos 15 días ao ano.

CONTÍA DAS SUBVENCÍONS: O importe da subvención será do 50% do orzamento que figure na resolución de cualificación definitiva, cun límite de 6.600 € no caso de remate de fachada e rehabilitación, e de 8.600 € na modalidade de reconstrucción de edificios e vivendas.

PRAZO SOLICITUDE: Ata o 14 de xullo de 2017, ou esgotamento do crédito.

Normativa: DOG Núm. 112 do 14 de xuño de 2017.

O Pino, 15 de xuño de 2017

